



Resolución de concesión dos III Premios de Innovación en Saúde no Sistema Público de Saúde de Galicia 2022 (procedemento SA304A)

Segundo o establecido no artigo 12 das bases reguladoras da convocatoria da III edición dos Premios de innovación en saúde no Sistema público de saúde de Galicia 2022, publicadas pola Resolución do 9 de maio de 2022 da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde (DOG num. 101 do 27 de maio de 2022), unha vez revisadas as candidaturas, un comité de selección constituído polo titular da Área de Desenvolvemento e Innovación Sanitaria e un representante de cada un dos sete nodos de innovación que forman parte da Plataforma de innovación Sanitaria, seleccionará as candidaturas finalistas para cada modalidade de premio para a súa valoración polo Xurado.

Efectuada dita selección, o Xurado reuniuse conforme ao disposto no artigo 11 das bases reguladoras. Tras valorar a información recibida dos proxectos finalistas, de acordo cos criterios establecidos no artigo 10 da citada convocatoria, propoñen a concesión dos premios a dúas candidaturas en cada unha das modalidades (idea de pacientes e idea de profesionais), en calidade de primeiro e segundo premio, tal como se recolle no artigo 20 das bases reguladoras.

Segundo o artigo 13 da convocatoria, e á vista da proposta do xurado, DECLARO gañadores dos III Premios de Innovación en Saúde as seguintes candidaturas:

MODALIDADE	PREMIO	NOME DA IDEA	AUTOR/AUTORES
PACIENTES	1º	A Saúde Oral, garantía do benestar das persoas con Dano Cerebral Adquirido	Federación Galega de Dano Cerebral-FEGADACE
	2º	Alimentación texturizada	Asociación de padres de personas con parálisis cerebral-ASPACE Coruña
PROFESIONAIS	1º	Asistente Virtual para Rehabilitación e Terapia da Linguaxe	Frank Alberto Betances Reinoso
	2º	Proxecto para a implantación de asistencia domiciliaria en nenos no marco dun programa de Coidados Paliativos	Paula Buyo Sánchez Ana Alas Barbeito Gema Muñoz García

Santiago de Compostela, 18 de abril de 2023
O Presidente da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento

Julio García Comesaña

